



Manuel
Rodríguez
López
Emigrante galego,
poeta obreiro

MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ

EMIGRANTE GALEGO, POETA OBREIRO



Manuel Oreste Rodríguez López naceu en Paradela (Lugo) o 11 de decembro de 1934 e faleceu en Lugo o 13 de febreiro de 1990. Con tan só seis anos emigrou cos seus pais a Barcelona, onde viviu a maior parte da súa vida. En 1987 regresou a Galicia para afincarse en Lugo. Fíxo estudos de Humanidades e Filosofía no Seminario Diocesano de Barcelona. Logo estudiou Contabilidade e Lexislación Laboral, exercendo profesionalmente como Xefe de Persoal dunha empresa siderometalúrxica. Casado con Irene López Gómez e pai de dous fillos.

Dende moi novo sentiu inquedanzas literarias en galego, influenciado polo amor que os cataláns senten pola súa terra. Lonxe de Galicia, estableceu contacto coa literatura galega a través dos libros galegos e tamén por medio de correspondencia epistolar con destacadas personalidades da cultura galega tales como Ramón Cabanillas, Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro, Manuel Puente, Dario Alvarez Blázquez, Xosé María Alvarez Blázquez, Ramón Piñeiro, Anxel Fole, Leandro Carré, Manuel María, Xesús Alonso Montero, etc.

A súa producción poética ten lugar maioritariamente a finais dos anos sesenta e principios dos setenta. Nesa etapa escribiu tres libros de poemas (a publicación dun deles retrasouse unha década por ser censurado en 1969). O seu derradeiro libro de poesías escribiuno a finais dos anos 80 e publicouse postumamente en 1995. Entre eses dous períodos, seguiu escribindo poesía esporadicamente, conseguindo numerosos premios literarios entre os que destacan os primeiros premios de poesía Meigas e Trasgos de Sarria (1976 e 1980), o Premio Xosé M. Chao Ledo no III Certame Literario de Vilalba (1977) e o primeiro premio do Certame Literario de Begonte (1985). En 2009 publicouse nun volume a súa Poesía Completa. Varios dos seus poemas foron musicados e cantados por Suso Vaamonde, Xerardo Moscoso, Alfredo González

Vilela e Mary Carmen Otero Rolle. Dentro da súa actividade poética cabe tamén destacar a súa faceta de tradutor, que emprendeou meses antes do seu falecemento coa tradución ó galego de *L'Atlántida de Verdaguer* (publicada postumamente pola Xunta de Galicia en 1995).

Manuel Rodríguez López tamén cultivou extensamente a prosa, ben escribindo dous libros de contos ambientados na súa Paradela natal (*Reencontro coa aldea e Festas da Virxe das Dores de Paradela*), ben como cronista das actividades dos galegos en Cataluña (dous libros publicados nos anos 80, *Galegos en Catalunya 1978-1982* e *Galegos en Catalunya 2*, foron froito desta actividade) e ben como cronista das vías que fixo con Anxel Fole por terras galegas (*Viaxes con Anxel Fole*). Foi Cronista Oficial do Centro Galego de Barcelona, corresponsal en Barcelona dos xornais *Faro de Vigo* e *El Ideal Gallego*. Publicou gran cantidad de artigos en diversos medios de comunicación arxentinos, en *El Progreso* de Lugo, *La Voz de Galicia*, en *Praza Maior* (voceiro do Concello de Lugo) e en varias revistas do Centro Galego de Barcelona. En prosa, tamén conseguiu diversos premios, destacando o primeiro premio Nós de Barcelona (1980), premios Meigas e Trasgos en Sarria (1977 e 1986) e premio en Baracaldo (1978). Nos Premios Galicia de Xornalismo, quedou finalista na sección de Reportaxe, nas convocatorias de 1985 e 1987.

Manuel Rodríguez López é recoñecido na terra que o viu nacer. No ano do seu falecemento foi nomeado "Fillo Predilecto de Paradela" (tamén "Lucense del año 1989"). Os seus restos mortais descansan no Panteón de Paradelenses Ilustres no cemiterio de San Miguel de Paradela. O centro socio-cultural de Paradela leva o seu nome. E desde 1995 vense celebrando en Paradela o "Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López".



Manuel Rodríguez López: emigrante galego, poeta obreiro**OBRAS****Prosa**

Reencontro coa aldea (1983)
 Galegos en Catalunya 1978-1982 (1983)
 Galegos en Catalunya-2 (1985)
 Viaxes con Ánxel Fole (1988)
 Festa da Virxe das Dores de Paradela 1989 (1989)
 Volta a España a pé (1990), tradución ó galego do libro de Manolo Silva

Poesía

Poemas populares galegos (1968)
 Saudade no bulleiro (1970)
 Soldada mínima (1979)
 Onte e hoxe vivencial (1995)
 A Atlántida (1995), tradución ó galego do grande poema épico catalán de Jacint Verdaguer.
 Manuel Rodríguez López. Poesía Completa (2009)
 Manuel Rodríguez López. Antoloxía Poética (2014)

Libros inéditos


Historias, contos e xentes de Paradela
 Vivimos unha longa traxedia (peza teatral)
 O Paramo
 Vacacion en Galicia: Vivir Galicia
 Lugueses
 Semblanzas de galegos ilustres

Colaboracións en libros colectivos

Homaxe ó Che (1970)
 A Nosa Terra (de "Libro de Oro", no centenario de Ramón Cabanillas) (1976)
 Homenaxe multinacional a Castelao (1976)
 Galicia no ano 1979 (1979)
 José M^a Acuña (1983)
 Os escritores lucenses arredor de Fole (1986)
 Voces poéticas (1987)
 Paradela y su concello (1990)
 Aliad-Ultreia. Poesía. Pintura (1993)

Bibliografía seleccionada

Gran Enciclopedia Gallega
 Medio cento de galegos e Rosalía (1983)
 88 gallegos: una tierra a través de sus gentes (1983)
 De Pondal a Novoneyra (1984)
 Diccionario de escritores en lingua galega (1990)
 Un paso de poesía. Poesía Galega 1961-1975 (libro e video, 1993)
 Diccionario da literatura galega. I. Autores (1995)
 Diccionario de Fole (1997)
 Alén do azul. Unha ducia de poetas galegos en Catalunya (1999)
 Vida e obra de Manuel Rodríguez López (2000)

VIDEOS***Manuel Rodríguez López: emigrante galego, poeta obreiro***

Manuel Rodríguez López: emigrante galego, poeta obreiro

Exposición sobre Manuel Rodríguez López

Hai tres anos que GaliciaDigital emprende o que se denominou Proxecto Manuel Rodríguez López para rescatar a figura deste importante escritor nado en Paradela (Lugo), emigrante aos seis anos coa súa familia a Catalunya, e que chegou a ser a ponte perfecta entre os Galegos en Catalunya e a Galicia interior, a través da súa poesía, da súa narrativa e das súas crónicas periodísticas.

Manuel Rodríguez López, a dicir de Méndez Ferrín na súa tese “De Pondal a Novoneyra”, é o máis importante poeta obreiro da Galicia da segunda metade do século XX. A súa poesía ten unha forza expresiva, fruto do amor do autor por Galicia e o galego, e da súa experiencia como obreiro en Cataluña dos anos cincuenta, sesenta e setenta. Temas recurrentes son a terra, a emigración, o traballo, sempre na defensa dos máis humildes, dos máis desfavorecidos; sempre vivendo en Galicia -vivindo Galicia- áinda que residise en Catalunya. Os últimos anos da súa vida viviuños en Lugo, onde morreu o 13 de febreiro de 1990. Precisamente vimos de celebrar en Paradela, no Colexio Público, cos alumnos do centro, os vintecinco anos da desaparición física deste paradelense ilustre ao que o Concello ten nomeado Fillo Predilecto, deu o seu nome á Casa da Cultura, e instituíu un Certame Literario (prosa e poesía) que está xa na súa XX edición, recibíndose preto de un milleiro de traballos de todo o mundo de fala castelán e galega.

Ademais das súas creacións en poesía e prosa, este autor ten un moi importante traballo xornalístico, difundindo especialmente en Galicia o traballo dos galegos no país catalán. Colaborador asiduo de El Ideal Gallego, *El Progreso*, *Faro de Vigo* e outros medios, as súas crónicas foron recollidas nos libros Galegos en Catalunya, I e II, e nelas se refleste

a constante presenza da cultura galega en Cataluña, tanto pola visita de galegos como (e de xeito especial) polo traballo das colectividades galegas en Cataluña. Membro do Centro Galego de Barcelona, foi o seu Cronista Oficial, deixando unha moi fonda lembranza que puido acreditarse na recente presenza desta exposición naquel Centro.

Se o Proxecto naceu inicialmente para solicitar a dedicación a este autor dun Día das Letras Galegas, leva xa funcionando tres anos difundindo a vida e obra deste autor, tendo como elemento esencial unha web (www.manuelrodriguezlopez.org) en castelán, galego, catalán e inglés, unha antoloxía poética, e esta exposición itinerante, formada por dezaseis paneis onde se reflece o máis salientable da traxectoria vital e creativa deste autor.

Os que acudan a visitar esta exposición recibirán cadanxe folleto no que se reflicten integralmente os paneis da Mostra, co fin de que os interesados no tema poidan “levar para a casa” esta completa información sobre Manuel Rodríguez López.

O proxecto puxose en marcha en colaboración coa familia do escritor e o Concello de Paradela, con axuda da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (Secretarías Xerais de Cultura e Política Lingüística), e da Vicepresidencia primeira da Deputación Provincial de Lugo, e a colaboración da Real Academia Galega, da que o seu Presidente dirixiu e prologa a Antoloxía Poética, que tamén se entregará gratuitamente aos visitantes á exposición.

Máis información: Antonio Giz - Director de GaliciaDigital
+34 637 527 207 // www.manuelrodriguezlopez.org

Manuel Rodríguez López: emigrante galego, poeta obreiro



O PROXECTO MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ

Xá hai case tres anos que GaliciaDigital puxo en marcha unha campaña de difusión da vida e obra de Manuel Rodríguez López, para dar a coñecer axeitadamente o traballo deste autor, a súa ampla obra literaria, o amor pola súa terra, e o vencello por el establecido entre a súa terra natal de Paradela (e, en xeral, Galicia) cos galegos emigrantes en Cataluña.

A primeira acción da campaña consistiu na creación do [portal web](http://www.manuelrodriguezlopez.org) www.manuelrodriguezlopez.org, unha das más completas webs que teña un escritor galego, que recolle a súa obra completa e a información máis salientable da súa existencia, en catro idiomas: castelán, galego, inglés e catalán.

Ven despois a Exposición Itinerante sobre a vida e obra de Manuel Rodríguez, formada por 16 paneis informativos (pode ser vista integralmente na web). Esta exposición puxouse en marcha en Paradela, en agosto de 2013, para ir despois a Lugo (coincidiendo co San Froilán) e Begonte (Nadal). Xa en 2014, continuamos en Sarria, Portomarín, Santiago de Compostela (Museo de Pobo Galego), Vilalba e A Coruña (Biblioteca Nodal). Xunta coa exposición, a Oficina Itinerante que a acompaña para difundir os seus contidos.

O ano 2014 foi o de maior expansión e consolidación definitiva do proxecto Manuel Rodríguez López. Por unha banda, porque a Exposición Itinerante chegou ó Centro Galego de Barcelona, cumprindo cunha débeda que tiñamos clara desde o nacemento do proxecto.

Por outra banda, porque viron a luz dúas publicacións fundamentais na estrutura xeral do proxecto. Un folleto infor-

mativo que recolle integralmente os contidos da exposición, e unha Antoloxía Poética, realizada por Xesús Alonso Montero e Santiago Rodríguez.

Xa en 2015, a Exposición Itinerante estivo en xaneiro no Ateneo de Ourense, en febreiro no Colexio Público de Paradela lembrando o 25 aniversario do pasamento do autor, e en marzo na Casa de Galicia en Madrid.

É a nosa intención seguir percorrendo Galicia durante todo este ano coa Exposición Itinerante, ademais de confeccionar un audiovisual sobre a vida e a obra de Manuel Rodríguez López.

Compre lembrar sempre que este proxecto sería imposible de levar a cabo sen a colaboración da Familia de Manuel Rodríguez López, e a impulsión do Concello de Paradela e os apoios da Deputación Provincial de Lugo (Vicepresidencia Primeira), Real Academia Galega, e da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Cultura.

O noso especial agradecemento vai para Xesús Mato, Xosé Manuel Mato, Xesús Alonso Montero e Valentín García, por todo o que fixeron polo proxecto Manuel Rodríguez López.

Antonio Giz
Director de GaliciaDigital

